

Máis alá das noticias: a cultura popular contra a clase traballadora¹

A tele di que, se es pobre, tes que ser lento e vago. Ora ben, pagádeslles para que digan iso, non queredes, logo, que sexa diferente
The Coup, “Lazymuthafucka”

Este libro interesouse pola función propagandística das noticias e dos medios informativos contemporáneos. En todo caso, nin que dicir ten que a diseminación de propaganda estatal non se limita a estes formatos. Na televisión británica, por exemplo, a referencia a asociación benéfica Axuda ós heroes (*Help for Heroes*), que ten vínculos fortes cos aparellos militares e estatais, chegou a miríadas de programas de entretemento, dende o spin-off do programa de tele-realidade *O aprendiz-Estás despedido* á telenovela *EastEnders*. Porén, os formatos mediáticos populares tamén sosteñen a hexemonía capitalista de maneiras menos egrexias. Unha breve consideración dalgún dos temas e preocupacións do estilo de vida contemporáneo hanos axudar a ilustrar como é que os discursos de fundamento clasista se difunden por medio da cultura popular.

Gilles Deleuze propuxo que as sociedades capitalistas desenvoltas, no curso do século vinte, pasaron de ser “sociedades disciplinarias” nas que os capitalistas controlan ós traballadores por medio da disciplina física e as institucións, ás “sociedades de control”, nas que os individuos interiorizan voluntariamente os valores e intereses dos seus gobernantes como se fosen propios. Na sociedade de control, os medios (e particularmente o medio “doméstico” da televisión) ten un papel fundamental á hora de nos constituír a xeito de suxeitos capitalistas por medio da manufacturación dun consenso social fundado nos valores burgueses. En 1962, respondendo ó informe Pilkington sobre a cualidade da televisión británica, Raymond Williams indicou no seu artigo “A televisión en Gran Bretaña” que “a maioría da televisión” era sobranceiramente expresión da falsa conciencia das nosas sociedades particulares”. O xuízo de Williams segue a ser nomeadamente aplicable á televisión popular de hoxe en día. No programa *O aprendiz*, os concursantes compiten entre si por un período de traballo (**prácticas: internship**) cun magnate dos negocios, mentres ca no programa *A cova do dragón* (*Dragon’s Den*) e *Soños da rúa principal* (*High Street Dreams*), membros ordinarios do público tentan impresionar a xentes de negocios e financeiros co seu enxeño empresarial. Outros programas fetichizan a adquisición de casas (“propiedades”, no discurso da televisión dedicada ós estilos de vida) e a especulación inmobiliaria, mentres que os programas televisivos sobre a obesidade, o exercicio, a cirurxía estética e as dietas animan ós espectadores a centra-la súa atención no benestar persoal e na aparencia. Amais, a proliferación de programas televisivos de realidade “transformadora” durante os anos recentes (dende os shows sobre a mellora de vivendas ós programas de herdanzas e legados (**makeover programmes**), reflicte e reforza un grande e fondo investimento no traballo disciplinario e na auto-regulación biopolítica. En tales programas, segundo indicou Adorno a respecto da sociedade

¹ Stephen Harper, *Beyond the Left. The Communist Critique of the Media*. Winchester, Zero Books, 2012, pp. 91-95.

capitalista contemporánea en, “todos debemos ter proxectos durante todo o tempo”, de xeito que “a vida toda ten que parecer un traballo”.

Este tipo de programación televisiva interpela tamén á clase traballadora a xeito de unidades auto-contidas de produción e consumo, fornecendo o que o escritor marxista Christopher Caudwell gustaba de chamar a “ilusión burguesa” do individualismo. Non é de estrañar que na altura de hoxe tanta xente crea que os seres humanos son “naturalmente” egoístas (proposición refutada polos científicos dende Peter Kropotkin a Stephen Jay Gould) e que este suposto “feito” inhiba a posibilidade do comunismo. (Debe advertirse aquí que mesmo *se fose o caso* que a natureza humana se caracterizase polo egoísmo, isto constituiría un argumento non *contra* o comunismo, senón *a favor* del, xa que o feito do egoísmo humano requiriría acordos sociais recíprocos capaces de previ-la explotación dalgúns seres humanos por outros).

O teimoso individualismo de moitos programas de televisión popular tende a viciar toda conciencia de que os problemas defrontados pola xente e comunidades de clase traballadora poden vencerse colectivamente. En cada episodio do programa de realidade emitido por Channel 4 *O millonario secreto* (*The Secret Millionaire*), un millonario secreto atópase con varios individuos de ideas comunitarias, con cadanseu proxecto concibidopara a axudar a un grupode xente con problemas . Ó remate do episodio, o millonario revela a súa identidade, asinando un cheque para unha ou máis das causas das que tivo coñecemento. Aquí, como no paradigma do “chocolate laxante” de Zizek ,o capitalismo propónse a xeito de remedio para os propios problemas que causou. O programa *Cómo é que vive a outra metade* (*How the Other Half Live*), emitido por Cahnnel 4, funciona fundándose nunha premisa similar: unha familia rica doa diñeiro a outra máis pobre, despois de se asegurar de que os seus membros son merecentes de apoio. En programas coma estes, estímúlase a xente de clase traballadora para que “melloren” por medio do traballo duro. Isto, pola súa banda, tende a nega-la acción da clase traballadora *en canto clase*, implicando que os problemas sociais complexos poden rectificarse non por medio da acción colectiva dos traballadores contra os seus explotadores, senón por medio dunha combinación de esforzo individual e, quizias, para uns poucos afortunados, por medio do *deus ex machina* da intervención filantrópica benévola (proposición que concorda co énfase que se pon caridade privada na fantasía cameroniana da nación unha convertida en “Gran sociedade”. No tocante á colectividade, abandónasenos coa falsa participación das chamadas telefónicas de Factor X.

Sexa como for, a crítica radical dos formatos televisivos de “realide”, “aspiracións” e “estilo de vida” non debería implicar de xeito ningún obxeccións moralistas ó acceso e gozo das comodidades da “clase media” ou dos ricos; ó cabo, en contraste co desalentador resentimento e anticonsumismo do consenso da esquerda liberal, a demanda comunista é inequívocamente unha demanda de *máis*. A crítica é, máis ben, que as exhortacións á mobilidade social e ó conumismo dos programas de televisión sobre estilo de vida serven para encubrir tanto a realidade da explotación coma o potencial de acción socio-política colectiva. Tamén desatenden a pobreza crecente da clase traballadora. Segundo aumenta a “fenda da riqueza” e a mobilidade social se detén, nos anos recentes conxeláronse ou diminuíron os soldos medios e os patróns de vida dos traballdaores nas sociedades capitalistas “desenvolvidas”, segundo mesmo os medios medios de comunicación capitalistas se ven obrigados a recoñecer ás veces: por exmplo, Nel Irwin, do Washington Post, indicou nun artigo de xaneiro do 2010 que os ingresos netos das unidades domésticas estadounidense diminuíran durante a primeira década deste século vinte e un.

A fantasía cada vez máis fráxil da mobilidade ascendente atopa hoxe expresión en moitas outras formas dos medios populares. Poño por caso que é unha convención dos videos de hip-hop estaren escenificados dualmente “na rúa” e “na mansión”. Na lóxica onírica do video musical, os rapeiros célebres transitan sen esforzo ningún entre eses dous escenarios. A asociación coa “rúa” permite que mesmo as celebridades máis sibaríticas manteñan a reputación de “auténticos”, “verdadeiros” e “elegantes”. A mitificación do avance social doado fornece un ideal de aspiracións á vez que elide as limitacións económicas que impiden a mobilidade social á maioría da xente no mundo real. Segundo suxiren tales exemplos (e segundo saben moitos executivos da publicidade) a hexemonía capitalista non só se mantén por medio do simbolismo nacionalista e da propaganda estatal, senón tamén por medio da reconfiguración de soños, desexos, aspiracións e emocións humanas.

Á vez que fornecen de equipamento mental individualista, os medios populares adoitan ridiculizar ós traballadores que acadan prominencia cultural: compróbase a impregnación do odio de clase no tratamento que recibe a clase traballadora na televisión sensacionalista (en especial, o tratamento ás mulleres de clase traballadora) as celebridades “chonis” ou “lixo branco” (“*chavs*” or “*white trash*”), como é o caso de Jade Goody, Kerry Katona e Britney Spears, adoito censuradas pola súa inestabilidade emocional, pola súa estupidez, vulgaridade, corpulencia ou por seren nais incompetentes. É precisamente ese tipo de xente de clase obreira indisciplinada e recalcitrante a que os expertos e gurus dos programas de realidade televisiva sobre “reeducación”² ten que instruír nas virtudes do auto-dominio e do traballo duro. No programa da BBC *Young, Dumb and Living Off Mum* (Mozo, mudo e lonxe da nai), mozos de clase traballadores son obxecto de burla por causa da súa indolencia e persuadidos para que acepten traballos de soldo baixo no sector de servizos. Entrementes, nos programas *Benefit Busters* e *The Fairy Jobmother*, de Channel 4, o presentador Harvey Taylor mobiliza unha mestura de censura moral e retórica terapéutica nun intento de disuadir ás familais de clase traballadora para que “deixen as axudas” e se poñan “a traballar” (como se o paro fose, para usa-la expresión do Ministro de Economía Conservador George Osborne, a “escolla dun estilo de vida”).

Porén, quizais sexa no tratamento do crime onde o carácter contrario á clase obreira destes formatos dos medios populares sexa máis evidente. As forzas policiais non reciben máis ca veneración nos documentais de realidade televisiva, mentres-los criminais de clase obreira, dende os grupos violentos ós “encapuchados” e os “ghichos” (“*chavs*”) son denigrados nos informativos e nos docudramas (e docuseries: “*docusoaps*”) do tipo de Crime na rúa (*Street Crime*) da canle Bravo e o seu substituto Policías británicos (*Brit Cops*). Se ben o crime antisocial, e en gran medida xuvenil, abofé que constitúe un dano verdadeiro para sociedade (un dano do que se sente o impacto con máis intensidade nas comunidades de clase traballadora), o que Marcuse chamou a “delincuencia madura” da clase gobernante (como é o caso das invasións e bombardeos brutais, as sancións letais sobre comida e medicinas, as violacións da saúde e a seguridade) quer sinxelamente non se clasifican a xeito de crimes, quer se ignoran; amais, os crimes corporativos e políticos aparecen escasamente na programación televisiva dedicada ó crime. Tales evasións escurecen a verdade de que as ameazas máis perniciosas e crónicas ó benestar da xente de clase obreira non se deben a outros obreiros nin traballadores, senón ó que Zizek chama a violencia “obxectiva” ou sistémica das relacións sociais capitalistas, que atopa expresión nos “accidentes” laborais, na pobreza, na “tensión”, nos danos ecolóxicos, no xenocidio e na guerra.

² No orixinal por “Rehab”, o termo que titula unha famosa canción de Amy Winehouse.

Porén, debater sobre calquera destas cousas non ten moito valor para a programación de entretemento.